

Sentímonos d'acordo con Correa Calderón. Antrementres non haxa un teatro galego que, pol-o menos, non nos desprestixie, é mellor, moito mellor, que se traduzan ó galego e se poñan en escea as obras estranxeiras que o merezan e mellor interpreten o noso espírito. Cando propuxemos que en homenaxe a Rusiñol se traduxera unha obra súa ó galego e se representara, levábamos, endemais da mira devandita, a de faguer esa esperencia literaria que Correa Calderón defende. Xa estamos ouvindo a certa xente que, tendo tan pouco feito pol-o noso, deseguida se enfurruña en canto se fala de traguel-o alleo. Xa sabemos que nos han de chamar "desleigados i-alleepiros" todol-os que remexendo no espírito popular non souberon lurpar mais que o prebeyo. Por iso ó pobo non remata de lle eisaltar ese arte que non-o dinifica.

De ningún xeito pra contradecir a idea de Correa-Calderón, e sí soio pra compretala, temos de engadil-o seguinte: en portugués eisiste unha produción dramática d'abondo intensa pra que poidamos faguer n'ela unha boa escolma. O teatro portugués ten pra nos a ventaxa de que non é mester traducilo. Abonda que os actores, ó adeprenderen os papés, fagan os troques de pronunciación que sexan mester. Si algunhas substitucións conveñen, han de ser poucas, e non fai falla traductor que as faga. Os actores poden faguel-as pol-a súa conta.

A cousa é tan doada que temol-a seguranza de que, de quere-lo algúns rapaces, deseguida estaría feita.

E xa que a ocasión e boa faremos ós libeiros galegos o prego de que traian e poñan á venda libros portugueses, cuia escasedá en Galicia é unha vergonza.